



**CONCELLO**  
de  
**36470 SALCEDA DE CASELAS**  
(Pontevedra)

**ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN**

**E OBRAS**

**ARTIGO. 1º.- FEITO IMPOÑIBLE**

1.- Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do término municipal, de calquera construción instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obra urbanística, concedéndose ou non dita licenza. Sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en :

- a) Obras de construción nova planta e ampliación de construcións existentes.
- b) Obras de demolición
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Alineacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e sumidoiro
- f) Obras en cemiterios
- g) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra ou urbanística.

**ARTIGO 2º.- SUXEITOS PASIVOS.**

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, si non foran os propios contribuíntes.

3.- Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir tódalas obrigas tributarias relativas a este imposto incluída a de efectuar o ingreso das cotas en arcas municipais de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei Xeral Tributaria. Nas solicitudes de licenza deberá constar especificamente, nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dona das obras e da empresa constructora.

**ARTIGO 3º.- EXENCIONES.-**

1.- Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidade Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas o mesmo, vaa a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.



## **CONCELLO**

de

**36470 SALCEDA DE CASELAS**

(Pontevedra)

### **ARTIGO 4º.- BONIFICACIÓNS.-**

1.- Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais as construcións, instalacións u obras que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración o Pleno da Corporación e se acordara, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 104.2.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución materias das oras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3.- Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 104.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor incluyan colectores que dispoñan da correspondente homologación e autorización da Administración competente. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin.

### **ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE, CUOTA E DEVENGO.**

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, os custos de execución material da mesma.

2.- A cuota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.

3.- O tipo de gravamen será o que figura no Anexo desta ordenanza.

4.- O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

### **ARTIGO 6º.- XESTIÓN.**

1.- Cando se conceda licenza preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente; en outro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2.- Nos supostos que non se presente proxecto de obras, se practícará liquidación provisional determinándose a base imponible en función dos módulos que se describen no anexo desta ordenanza.

3.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4.- O Concello poderá esixir este imposto en réximen de autoliquidación.



**CONCELLO**  
de  
**36470 SALCEDA DE CASELAS**  
(Pontevedra)

**ARTIGO 7º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras para o seu desenvolvemento.

**ARTIGO 8º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o reximen regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, 1 de xaneiro do 2006.

O Alcalde,

A secretaria,

**ANEXO**

**CONCEPTOS**

**CONTIA/EUROS**

A)

1º.- A contia da taxa queda fixada para todo tipo de construcións, coas excepcións contempladas neste mesmo anexo, no.....	2,3% do presuposto da obra.
2º.- Licencia mínima, para aquelas obras ás que aplicándolle o tipo xeral do 2,3%, resultara inferior a 30,00 euros .....	30,00 euros.
3º.- Licencias de 1ª Ocupación (por vivenda, baixo,).....	30,00 euros.
4º.- Por parcela segregada de finca .....	104,13 euros.
5º.- Publicidade vertical, por m2 (non cartel de obra).....	10,00 euros.
6º.- Expedición e subministro de cartel de obra maior normalizado.....	110,00 euros.
7º.- Expedición e subministro de cartel de obra menor normalizado .....	50,00 euros.
8º.- Por instalación de grúa.....	180,00 euros.



**CONCELLO**  
de  
**36470 SALCEDA DE CASELAS**  
(Pontevedra)

## MODULOS

### B) CUOTAS MÍNIMAS:

Tipo de Obra	Estimación presuposto	Taxa autoliquidación mínima
Muro de contención (proxecto)	42,07 €/m <sup>2</sup>	30,05 €.
Muro de cerre	48,08 €/m lineal 24,04 €/m <sup>2</sup>	30,05 €.
Pintado de fachadas (sen andamio)	4,81 €/m <sup>2</sup>	60,10 €.
Cambio de Ventás	72,12 €/unidade	18,03 €.
Cambio de portas	90,15 €/unidade	18,03 €.
Cambio de tellas	30,05 €/m <sup>2</sup>	60,10 €.
Construcción galpón de 60 m <sup>2</sup>	90,15 €/m <sup>2</sup>	60,10 €.
Movemento de terras	1,80 €/m <sup>3</sup>	30,05 €.
Pozo de auga (3 m. lindeiro e 20 m. a fosa séptica)		30,05 €.
Fosa séptica (3 m. a lindeiro e 20 a pozo auga)		30,05 €.
Tala de árbores	30,05 €/ud. 601,04 €/Ha	60,10 €.
Demolición	9,02 €/m <sup>2</sup>	60,10 €.
Colocación de antenas e pequenos elementos (toldos, iluminación)	90,15 €/ud.	18,03 €.
Acondicionamento de local	150,25 €/m <sup>2</sup>	90,15 €.
Reforma interior en vivenda	180,30 €/m <sup>2</sup>	90,15 €.

Salceda de Caselas, a ..... de ..... de .....

CONCEPTOS	EUROS
<b>C) CAMIONES:</b>	
De menos de 1.000 Kg. De carga útil .....	48,71 €
De 1.000 a 2.999 Kg. De carga útil .....	95,97 €
De máis de 2.999 a 9.999 Kg. De carga útil .....	136,69 €
De máis de 9.999 Kg. De carga útil .....	170,87 €
<b>D) TRACTORES:</b>	
De menos de 16 cabalos fiscais .....	20,36 €
De 16 a 25 cabalos fiscais .....	31,99 €
De máis de 25 cabalos fiscais .....	95,97 €
<b>E) REMOLQUES E SEMIREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA:</b>	
De menos de 1.000 Kg. De carga útil .....	20,36 €
De 1.000 a 2.999 Kg. De carga útil .....	31,99 €
De máis de 2.999 Kg. De carga útil .....	95,97 €
<b>F) OUTROS VEHÍCULOS:</b>	
Ciclomotores .....	5,09 €
Motocicletas ata 125 C.C. ....	5,09 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 C.C. ....	8,72 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 C.C. ....	34,90 €
Motocicletas de máis de 1.000 C.C. ....	69,80 €

#### **D) ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

##### **ARTIGO. 1º.—FEITO IMPOÑIBLE**

1.—Constitúe o feito impoñible do imposto a realización dentro do término municipal, de calquera construción instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenzia de obra urbanística, concedéndose ou non dita licenzia. Sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.

2.—As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en :

- Obras de construción nova planta e ampliación de construcións existentes.
- Obras de demolición
- Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- Alineacións e rasantes.
- Obras de fontanería e sumidoiro
- Obras en cemiterios
- Calesquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenzia de obra ou urbanística.

##### **ARTIGO 2º.—SUXEITOS PASIVOS**

1.—Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as

entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2.—Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quenes soliciten as correspondentes licenzias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, si non foran os propios contribuíntes.

3.—Os substitutos do contribuínte están obrigados a cumprir tódalas obrigas tributarias relativas a este imposto incluída a de efectuarlo ingreso das cotas en arcas municipais de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei Xeral Tributaria. Nas solicitudes de licenzia deberá constar especificamente, nome, DNI ou CIF e domicilio fiscal do dono do terreo, do dona das obras e da empresa construtora.

##### **ARTIGO 3º.—EXENCIONES**

1.—Esta exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas o mesmo, vaa a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.

##### **ARTIGO 4º.—BONIFICACIONES**

1.—Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais as construcións, instalacións u obras que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración o Pleno da Corporación e se acordara, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.—Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 104.2.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución materiais das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3.—Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co art. 104.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor incluyan colectores que dispoñan da correspondente homologación e autorización da Administración competente. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas a tal fin.

**ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE,  
CUOTA E DEVENGO**

1.—A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, os custos de execución material da mesma.

2.—A cuota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen.

3.—O tipo de gravamen será o que figura no Anexo desta ordenanza.

4.—O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenzia.

**ARTIGO 6º.—XESTIÓN**

1.—Cando se conceda licenzia preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente; en outro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2.—Nos supostos que non se presente proxecto de obras, se practicará liquidación provisional determinándose a base imponible en función dos módulos que se describen no anexo desta ordenanza.

3.—A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4.—O Concello poderá esixir este imposto en réxime de autoliquidación.

**ARTIGO 7º.—INSPECCIÓN E RECADACIÓN**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras para o seu desenvolvemento.

**ARTIGO 8º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenrolan.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo ata a súa modificación ou derogación expresa.

**A N E X O**

CONCEPTOS	CONTIA/EUROS
A)	
1º.—A contía da taxa queda fixada para todo tipo de construcións, coas excepcións contempladas neste mesmo anexo, no: 2,3% do presuposto da obra.	
2º.—Licenzia mínima, para aquelas obras ás que aplicándolle o tipo xeral do 2,3%, resultara inferior a 30,00 euros.....	30,00 euros
3º.—Licenzias de 1ª Ocupación (por vivenda, baixo).....	30,00 euros
4º.—Por parcela segregada de finca.....	104,13 euros
5º.—Publicidade vertical, por m <sup>2</sup> (non cartel de obra)	10,00 euros
6º.—Expedición e subministro de cartel de obra maior normalizado.....	110,00 euros
7º.—Expedición e subministro de cartel de obra menor normalizado.....	50,00 euros
8º.—Por instalación de grúa.....	180,00 euros

**M O D U L O S**  
B) CUOTAS MÍNIMAS:

Tipo de Obra	Estimación presuposto	Taxa autoliquidación mínima
Muro de contención (proxecto)	42,07 €/m <sup>2</sup>	30,05 €
Muro de cerre	48,08 €/m lineal 24,04 €/m <sup>2</sup>	30,05 €
Pintado de fachadas (sen andamio)	4,81 €/m <sup>2</sup>	60,10 €
Cambio de Ventás	72,12 €/unidade	18,03 €
Cambio de portas	90,15 €/unidade	18,03 €
Cambio de tellas	30,05 €/m <sup>2</sup>	60,10 €
Construción galpón de 60 m <sup>2</sup>	90,15 €/m <sup>2</sup>	60,10 €
Movemento de terras	1,80 €/m <sup>3</sup>	30,05 €
Pozo de auga (3 m. lindeiro e 20 m. a fosa séptica)		30,05 €
Fosa séptica (3 m. a lindeiro e 20 a pozo auga)		30,05 €
Tala de árbores	30,05 €/ud. 601,04 €/Ha	60,10 €
Demolición	9,02 €/m <sup>2</sup>	60,10 €
Colocación de antenas e pequenos elementos (toldos, iluminación)	90,15 €/ud.	18,03 €
Acondicionamento de local	150,25 €/m <sup>2</sup>	90,15 €
Reforma interior en vivenda	180,30 €/m <sup>2</sup>	90,15 €